

Galicianas

Mulleres galegas facendo historia



Organiza:



Coa colaboración:



Album de Mulleres,
Consello da Cultura Galega,
Comisión de Igualdade.

Deseño:
Daniel Ameneiros.

*Galicianas
Mulleres galegas facendo historia*



Galicianas

Mulleres galegas facendo historia

Organiza:



Coa colaboración:



Álbum de Mulleres,
Consello da Cultura Galega,
Comisión de Igualdade.

Deseño:
Daniel Ameneiros.




Galicianas: Mulleres galegas facendo historia.



Rita Fernández Quemadelos
A Torre - A Caíza 1911 - Barcelona 2008
Primeira arquitecta de Galicia

Entre 1928 e 1930, instálase coa súa avoa materna en Santiago de Compostela para cursar dous anos de Ciencias Químicas e Ciencias Exactas na universidade desta cidade. Amais disto, asiste na Escola Elemental de Artes e Oficios á materia de Debuxo. Durante este tempo, reafirmase na decisión de realizar estudos de Arquitectura.

En outubro de 1930, trasládase a Madrid para preparar o ingreso na Escola de Arquitectura. Tras a paréntese de tres anos motivada pola contenda civil española (1936-1939), Rita F. Quemadelos asiste entre 1939 e 1940 a dous cursos intensivos e de exames continuos, denominados «cursos patrióticos», e finaliza os seus estudos o 26 de agosto de 1940. Converteuse, así, na terceira muller en España en obter o título de Arquitecto.



Celia Rivas

San Martiño de Duio, Fisterra 1912 - Fisterra 1974
Primeira camioneira do Estado Español


Esta fisterrá herdou este oficio de seu pai, e conseo carné xusto antes de comezar a Guerra Civil. Foi logo a empresa que leva o seu apelido.

En 1932, con apenas 20 anos, chego á Coruña coa decisión de sacar o permiso de conducir camiións absolutamente inédito nunha época na que, mesmo un home, era raro ter o permiso de conducir.

Tiña fama de ser a mellor compradora da lonxa fisterrá que estaba dotada dun sensible instinto para negocios, o que fixo dela unha muller emprendedora longo da súa vida.




Celia Rivas.



Carné de conducir de 1ª de Celia Rivas, 1932.



Parte posterior do permiso de conducción de 1ª.



Celia, a primeira pola esquerda, e os seus irmáns na horta do almacén da Riveira un día de festa. Fisterra 1947.



Celia, «Mercado a sardiña do xeito na Riveira». Fisterra 1947.



O camiión «americano» na plaza de Fisterra.1950.



«FINISTERRE» Manifestación de duelo de Celia Rivas. UNA DE LAS PRIMERAS MUJERES CABINET PARA CONDUCIR. «LA VOZ DE GALICIA» 22 de agosto de 1940.



O proxecto *Galicianas: Mulleres galegas facendo historia*, non pretende máis que ser unha pequena pinga no mar das diferentes estratexias e metodoloxías que se están a desenvolver no país entorno á visibilidade e posta en valor das mulleres en todos os ámbitos da sociedade. A exposición que hoxe visitades nace coa vontade de chamar a atención, non tan só sobre aquelas mulleres recoñecidas, se non tamén sobre aquelas que de xeito anónimo e silenciado traballan e traballaron en prol da nosa terra.

A exposición acubilla a mulleres de diferentes perfís e condicións sociais que desenvolveron a súa actividade en calquera ámbito de actuación, dende a ensinanza ata a empresa, dende o laboratorio ata o fogar, dende a cultura ata o activismo social.

Galicianas, nace como unha exposición viva que pretende continuar medrando de xeito orgánico, aumentando vagóns a este tren imparable que non ten máis destino que a construción dunha sociedade xusta e igualitaria.

Galicianas: Mulleres galegas facendo historia



Ángeles Alvariño

Ferrol 1916 - San Diego 2005

Precursora na investigación oceanográfica mundial

Naceu en Serantes (Ferrol) o 3 de outubro do ano 1916. Desde pequena caracterizouse por ter unha grande inquietude intelectual e demostrou unha habilidade especial e gusto pola lectura.

Destacada científica internacional, oceanógrafa; chegou a descubrir 22 especies novas de organismos mariños, os indicadores planctónicos para correntes oceánicas e para a pesca.

Os traballos científicos orixinais publicados por Ángeles Alvariño alcanzan o centenar.

Títulos de recoñecemento de Ángeles



Debuxos de especies zoolóxicas feitas por Ángeles Alvariño.

Fotografía de Ángeles Alvariño.

Buque oceanográfico Ángeles Alvariño do Instituto Español de Oceanografía (IEO).

Galicianas: Mulleres galegas facendo historia



Maruja Mallo

Viveiro 1902 - Madrid 1995

A máis famosa pintora galega do século XX

Natural de Viveiro, destacou como pintora surrealista relacionándose con outras personalidades destacadas do momento como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Luis Buñuel, María Zambrano, Rafael Alberti, Miguel Hernández, Ortega y Gasset, etc. Desgraciadamente coa Guerra Civil tivo que exiliarse a Arxentina, e coa ditadura neste país optou por regresar a España, xa nos anos sesenta, onde continuou o seu labor malia ser unha descoñecida no seu país.

Nos anos noventa afortunadamente puido recibir varios galardóns artísticos e o xusto recoñecemento da súa obra.

Maruja Mallo e Josefa Castiella cos seus irmos en Viveiro.



▲ Sorpresa del trigo, de 1936.



La verdura (1927). Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía



▲ Fotografía de Maruja Mallo.



▲ Maruja Mallo fotografada en Cercedilla (Madrid) entre 1929 e 1930.



▲ Maruja Mallo con Andy Warhol.




Espacio mínimo de exposición

A exposición actual consta de tres módulos expositivos triangulares.

As medidas dos paneis son:

- Lateral estreito: 100x150cm.
- Laterais longos: 200x150cm.
- Altura: 200cm.

A totalidade do espazo para os tres paneis deberá ser de 50m² de superficie mínima recomendable.





Galicianas: Mujeres galegas facendo historia



Nieves Fariza Alonso


Cambados 1911 - Vigo 1973

Activista pioneira na defensa dos dereitos das mulleres

A Pasionaria Branca, como foi denominada, nace en Cambados, mais foi en Ourense onde esta mestra e activista, a través do seu traballo, a súa coherencia ideolóxica e o seu talento progresista, realizou nos durísimos anos de posguerra un traballo encomiable. Traballando de mestra negouse a impartir clases de relixión.

Promoveu o consultorio social Asistente, na defensa dos dereitos das mulleres que ficaban viúvas polas mortes dos traballadores nas obras da vía. Tras a súa loita, conseguiu a tramitación de pensións de viuvez para oito mulleres.

Estivo no cárcere mais non deixou de loitar na procura de melloras laborais para os traballadores.



Mostra da colocación dos paneis.

*Galicianas
Mulheres galegas facendo historia*



Contacto:
Asociación Vai Rañala Meu!
Email: vairanhalameu@gmail.com

Daniel Francisco Cánovas Calvo
Presidente Asociación Cultural
Tel. 616 42 18 82



VAI RAÑALA MEU! S.C.
MÚSICA TABERNARIA

